



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 11 de xullo de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 4 de xullo de 2018.
2. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda sita en Cruceiro do Vento nº 63, Marín.
3. Concédese licenza de obras para reposición da legalidade de obras de urbanización e muro de peche en Lugar Castro, s/n, Seixo, Marín.
4. Apróbase o proxecto de obras de “Rehabilitación superficial do pavimento da vía de praias (Portocelo)”, cun orzamento base de licitación de 33.049,43 euros, IVE excluído.
5. Apróbase o proxecto de obras de “Renovación de pavimento e servizos en Canellón da Roda”, cun orzamento base de licitación de 36.519,77 euros, IVE excluído.
6. Dáse conta do acordo de reparto de axudas a Concellos destinadas a mellora dos montes mediante a creación de Parques Forestais durante o exercicio 2018, da Deputación Provincial de Pontevedra, correspondendo ao Concello de Marín unha subvención por importe de 3.738,00 euros para a redacción de proxectos (Liña 1) e outra por importe de 24.975,00 euros para a execución de proxectos (Liña 2).
7. Dáse conta da resolución definitiva de concesión de subvención para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, da Axencia Turismo de Galicia, por importe de 20.424,77 euros, correspondente ó 65 % do orzamento subvencionable da actuación denominada “Ruta monte e praias”, que ascende a 31.422,73 euros.
8. Dáse conta das bases reguladoras de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e convocatoria para o ano 2018, da Consellería de Política Social.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta da convocatoria de axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro, da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
2. Concédese licenza para substitución de cuberta e saneado e pintado de fachada en vivenda sita en Cruceiros “C”, nº3, Marín.
3. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda sita en Carballal, °-B, Marín.
4. Apróbase o proxecto de “Resposición de pavimentos no rural de Marín 2018”, cun orzamento base de licitación de 212.368,54 euros, incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300024EC100U6R9I2G5W3N1 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190151233</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 10/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/01/2019 15:09:53	Fecha: 10/01/2019 Hora: 15:09